

Secretaría Xeral

En virtude do ordenado polo Sr. Alcalde, poño no seu coñecemento que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 27 de febreiro de 2026 coa salvedade do previsto no artigo 206 do R.O.F. dos termos de aprobación definitiva da acta adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

25.- EXPEDIENTE 161/2026. PROPOSTA A XGL RALI DO COCIDO 2026.

Vista a proposta do **Sr. Concelleiro delegado de Seguridade Cidadá**, na que expón que vista a solicitude por parte da Escudería Lalín Deza con enderezo a efectos de notificacións no Campo da Feira Novo, s/n 36500 Lalín, con NIF: G 36266443 e representada por D. Mateo Varela Fernández co DNI: ***6096** en calidade de presidente, comunícalle que os vindeiros días 6 e 7 de marzo do presente ano desenvolverase o XXXº Rali do Cocido, primeira proba do Campionato Galego de Rallyes de Galicia 2026.

Consta no expediente as seguintes autorizacións:

- Plan de seguridade.
- Rutas e vías que van empregar.
- Informe favorable da Policía Local: *no que refire “tras la práctica de la prueba documental aportada por el organizador, se comprueba la idoneidad de la misma, procediendo a emitir informe **FAVORABLE** para la realización del evento solicitado, instando al órgano colegiado superior la aprobación y autorización definitiva para posteriormente dar traslado y puesta en conocimiento al interesado, sin perjuicio de futuras comprobaciones realizadas durante el desarrollo de la prueba deportiva”*

Por todo o anterior, **a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acordou:**

Primeiro.- Autorizar o desenvolvemento do Rali do Cocido que leva a cabo o Escudería Lalín Deza no termino municipal de Lalín.

Segundo.- Notificar a presente acordo a D. Mateo Varela Fernández con DNI: *6096** en calidade de Presidente da Escudería Lalín Deza, a Protección Civil e Policía Local.**



Secretaría Xeral

Indícolle que contra este acordo poderá Vd. interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia de Pontevedra, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte a aquel en que teña lugar a presente notificación. Asemade, poderá interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, con carácter previo e potestativo, e no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación (entenderase como último día de prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da notificación ou, se éste fose inhábil, o primeiro día hábil seguinte). Neste ultimo caso, o prazo para interpoñer recurso contencioso-administrativo contarase dende o día seguinte a aquel no que se lle notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou se produza a súa desestimación mediante acto presunto.

Asinará o duplicado para constancia.

*O Secretario Xeral,
César López Arribas.*

(DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE)

L A L I N

